


**PORTA**

**DA**

**VILA**

*Librería*



Almirante Chicarro, 48  
Teléfono, 55 12 74  
**VIVEIRO**

LAR-Viveiro

Sáúda a **SEMENTEIRA**  
no seu XX aniversario  
e animaa a seguir  
"espallando o semente  
da Cultura"

1972 - 1992 Vinte anos espallando o semente da Cultura

# **CONCERTO**

1992

**Teatro PASTOR DIAZ**

Sábado 15 de Febreiro  
8 da tarde

Presentación en Viveiro da

**BANDA DE MUSICA  
DE RIBADEO**



PATROCINA



**EXCMO.  
CONCELLO DE RIBADEO**

Recorrimos a un binómio léxico convertido en tópico nos últimos tempos para sinalar globalmente, neste breve comentario de intención didáctica, a ideia que preside o programa ensaiado e que ao cabo apresenta a Banda de Ribadeo: *tradición e modernidade*. Se cadra habería que engadir a significación da presencia de autores "clásicos" nel.

A nova Banda de Música de Ribadeo concebiuse polo seu Director como unha Banda dos tempos de hoxe que sen embargo non podía obviar a bagaxe tradicional, no que a repertorio fai, destas agrupacións. Música galega, entón, que ten conquistado en case un século a condición de popular, había figurar no noso repertorio: *Airiños, aires!* é unha rapsódia sobre temas tradicionais galegos do compositor lugués Gustavo Freire (1885 – 1948). *Negra sombra*, do tamén lugués Xoán Montes (1840–1899), é se cadra a balada galega de autor máis célebre e sen dúbida a máis entremecedora, ao que contribúe o poema de Rosalía de Castro; ofrecemos unha versión instrumental para Banda. O estudosos da historia da música galega Xoán M. Carreira ten escrito: "As veces compe matinar se Galiza lle perdoou a Baudot ter composto poemas sinfónicos ou óperas, xa que o principal nemigo de Baudot semella seguir sendo un paso-dobre de calidade extraordinaria titulado *Lugo-Ferrol*". O que sería imperdoábel é que unha Banda, veterana ou nova, non tocase *Lugo-Ferrol*; no entanto, a de Ribadeo agardá, con Galiza, a recuperación e difusión da monumental obra sinfónica e dramática de Gregorio Baudot (1884–1938), a quem o mesmo crítico considera o Wagner galego. O xermánico auténtico tamén está presente no programa cunha páxina célebre: o Coro de Peregrinos da ópera *Tannhäuser*. Nunha sociedade musical con tantas carências como a galega, a interpretación polas Bandas de páxinas sinfónicas, na correspondente transcripción instrumental, en substitución non preteniosa das polo de agora inexistentes orquestras sinfónicas, é algo inexcusábel. A carón, unha peza doutro autor "sério": a *Marcha Militar n.º 1* do romántico Franz Schubert.

De sempre as Bandas veñen tocando seleccións de zarzuelas célebres. A elección de *Katiuska*, do basco Pablo Sorozábal, non é gratuita: un tenor ribadense, Manuel Cortés, participou na sua estrea en Madrid no 1932. Esta é a nosa homenaxe.

E modernidade. A *Simple Symphony* do xoven holandés Kees Vlak é una obra didáctica moi recente, baseada en melodías populares de trascendencia universal, destinada a facer intelixible aos xóvenes músicos e ouvintes a estrutura dunha sinfonía clásica. Ritmos quedados, disoánncias para ouvidos do presente, xiros melódicos do jazz tradicional e do moderno...: de todo isto hai na selección de temas dunha ópera moderna como *West side story*, do xenial Leonard Bernstein, finado hai pouco máis dun ano.

Un outro paso-dobre de toda a vida para rematar o concerto: *Amparito Roca*, de J. Texidor. Que todo sexa do seu agrado.

## PROGRAMA

### PRIMEIRA PARTE

<b>Marcha Militar n.º 1, Op. 51</b>	F. Schubert
<b>Airiños, aires!</b> (Rapsódia galega)	G. Freire
<b>Balada galega (Negra sombra)</b>	J. Montes
<b>Katiuska</b> (1.º Fantasia da Zarzuela)	P. Sorozábal
<b>Lugo-Ferrol</b> (Paso-dobre)	G. Baudot

### SEGUNDA PARTE

<b>Simple Symphony for Band</b>	Kees Vlak
I. Moderato	
II. Andante	
III. Rondó	
<b>Tannhäuser</b> (Coro de Peregrinos)	R. Wagner
<b>West side story</b> (Selección)	L. Bernstein
<b>Amparito Roca</b> (Paso-dobre)	J. Texidor

A Banda de Música de Ribadeo está dirixida por Hernán Naval (Viéiro, 1962), quen presidiu durante oito anos a Agrupación Cultural SEMENTEIRA. Daí a organización deste concerto como primeira das actividades da asociación no seu vinte aniversario.